



Liñas xerais dos orzamentos 2019
Investindo nun futuro sustentable

Aprobadas no Claustro do 29 de novembro de 2018

Índice

I. Limiar.....	2
II. Condicionantes das liñas xerais.....	3
III. Principais magnitudes económicas para o 2019.....	8
IV. Resumo xeral do orzamento	12
V. Principais novidades para o exercicio 2019	14

I. Limiar

Os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (*Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro; DOG núm. 29, do 12 de febreiro de 2014*), dedican o título VII, “Do réxime económico e da programación plurianual”, ao proceso de definición e desenvolvemento da execución orzamentaria da institución. De acordo co artigo 171 “o reitor presentará perante o Claustro Universitario as liñas xerais do orzamentos, xunto coas da programación plurianual ou coa súa actualización”.

A Resolución do 20 de xuño de 2018 sobre delegación de competencias en determinados órganos universitarios (*DOG núm. 124, do 29 de xuño de 2018*) atribúe ao xerente, no apartado III. *Delegación de competencias en favor do/a xerente, Décimo cuarto, B) En materia económico-financeira e orzamentaria*, a competencia para a elaboración do proxecto de orzamentos anual e, xa que logo, das súas liñas xerais.

No exercicio desa competencia, e en directa colaboración co equipo de goberno, preséntase este documento que contén as liñas xerais do exercicio orzamentario de 2019 para, de ser o caso, ser aprobado polo Claustro Universitario.

Para a súa elaboración tivéronse en conta as previsións contidas nas diversas normas de carácter estatal e autonómico, de entre as que cómpre salientar as seguintes:

- Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades. BOE núm. 307, do 24 de decembro de 2001 e as posteriores modificacións.
- Real decreto-lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público. BOE núm.315, de 31 de decembro de 2011.
- Real decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo. BOE núm. 96, do 21 de abril de 2012.
- Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. BOE núm. 103, de 30 de abril de 2012
- Real decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade. BOE núm. 168, do 14 de xullo de 2012.
- Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobada polo Decreto legislativo 1/1999, de 7 de outubro

- Lei 2/2011, de 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira
- Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
- Lei 9/2017, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas

Do mesmo xeito, tamén se tiveron en conta as disposicións do Regulamento de réxime interno do Claustro, do Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno e do Regulamento de xestión orzamentaria.

De acordo con estas previsións e co fin de cumprir coa obriga legal de aprobar o orzamento da Universidade antes de rematar o ano 2018, preséntanse estas liñas con carácter provisional na medida en que neste momento, e a diferenza do que ocorreu en anteriores exercicios, non se reuniu a comisión de seguimento establecida no Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2010 e, polo tanto, as magnitudes económicas para a súa elaboración estanse facendo sobre a base do proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia, presentado no pasado mes de outubro polo goberno galego ao Parlamento. Na mesma liña debe terse en conta que, como consecuencia da situación política actual, non se conta con proxecto de orzamento do Estado, o que determina que non haxa previsión certa ningunha sobre cuestións de singular relevancia como son, entre outras, o incremento da masa salarial para o exercicio 2019 ou a porcentaxe de taxa de reposición aplicable ao persoal.

II. Condicionantes das liñas xerais

O **Plan Económico-Financeiro de Reequilibrio da USC**, aprobado inicialmente polo Consello Social o 22 de setembro de 2014 e pola Consellería de Facenda o 26 de novembro de 2014, e modificado en decembro de 2015, baseábase nunha serie de medidas que permitirían absorber 10 millóns do déficit acumulado da institución, que naquel momento era de 16,3 millóns de euros, en 6 anos (ata 2020) e, por outra parte, permitirían aprobar orzamentos en equilibrio ou superávit a partir dese exercicio.

As medidas previstas no Plan tiveron un cumprimento desigual e, nalgúns casos, mesmo deron lugar a un incremento do gasto, como consecuencia, entre outras, das seguintes circunstancias:

1. A amortización de prazas prevista no plan non se puido levar a cabo coa intensidade necesaria debido a que houbo que conxugala coa reposición de

persoal. O seu envellecemento, especialmente agudo no caso do profesorado, veu derivado da política estatal de reposición 0 de efectivos. Isto fixo que o número de xubilacións no período 2015-2018 non se puidese traducir nun aforro ao ter que repoñer prazas indispensables para o funcionamento da universidade. A pesar desta reposición, a idade media do PDI supera xa os 54 anos.

2. O aumento da conflitividade xudicial, especialmente no suposto de contratos con cargo a actividades de I+D+i, supuxo un custo en aumento que para o período 2015-2018 ascende a 2 millóns de euros. Así mesmo, co fin de dimensionar algunhas estruturas de investigación, realizáronse despedimentos de persoal contratado nos que os tribunais se pronunciaron desfavorablemente, o que supuxo que non só non houbo ningún aforro senón que se produciu un incremento notable do gasto, tanto pola readmisión como polo pago de indemnizacións e outros conceptos.
3. O fracaso do proceso de funcionarización do PAS laboral, que debía xerar un aforro de 900.000 euros, resolveuse nun gasto de 400.000 pola equiparación dos trienios do persoal funcionario aos do persoal laboral.
4. A contención do gasto en subministracións foi importante, pero o incremento do prezo dos combustibles e o escaso investimento en eficiencia enerxética imposibilitou que se consolidara esa contención.
5. No conxunto do gasto corrente, hai que ter en conta a situación derivada de que quedase deserta a licitación do contrato de limpeza, o que supuxo un incremento certo de 200.000 euros ata agosto de 2019, e que podería incrementarse no resto do exercicio.

A renegociación da débeda prevista no PERF contribuíu tamén a que nos atopemos nunha situación económica delicada. A carencia na amortización da débeda bancaria, fixada para os exercicios 2015 e 2016, levou a unha certa percepción de ter superadas as dificultades o que, unida ao alleamento do edificio de Galeras por 7,1 millóns de euros, dos cales se percibiron 6 en 2017, e ao cobro de 2 millóns máis correspondentes a sentenzas que lle recoñecían á Universidade o dereito á devolución do Imposto sobre o Valor Engadido, supuxeron un escenario de superávit transitorio e de redución da débeda financeira por riba do previsto inicialmente.

A isto hai que engadir que a renegociación tivo como consecuencia concentrar o groso da amortización nos exercicios económicos 2017 (nese exercicio esa amortización realizouse, como xa se mencionou, con ingresos extraordinarios procedentes da venda de Galeras e da devolución do IVE) a 2021. Como consecuencia disto, no actual exercicio houbo que afrontar un pago de 5,4 millóns de euros, ao que hai que sumar a previsión de déficit para o peche de contas de 2018 que se achegará aos 4 millóns de euros e o déficit estrutural que arrastra a institución; este último, entendido como o remanente de tesourería negativo que debe asumirse con créditos do seguinte exercicio e que ascende a uns 9,2 millóns de euros na actualidade.

Neste contexto, a Universidade non dispón de recursos suficientes para facer fronte ás necesidades globais, polo que cómpre reconducir a situación, garantindo o futuro da institución, cun novo modelo de refinanciamento da débeda e cunha disciplina de gasto que permita xerar aforros, singularmente no ámbito das infraestruturas.

Ante esta situación, o peche de contas do ano 2018 realizarase cun déficit que pode acadar os 4 millóns de euros, como se acaba de expoñer. De acordo co establecido na Lei orgánica 6/2001 de 21 de decembro, de universidades e co apartado VII do Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020, será obrigatorio presentar un novo plan económico-financieiro de reequilibrio no primeiro semestre do seguinte exercicio.

Así, o refinanciamento da débeda vixente é un punto de partida imprescindible para ordenar a súa amortización e procurar un impacto na economía da USC que sexa compatible co mantemento dos estándares irrenunciáveis de calidade. Con esta intención estase a negociar coas entidades bancarias para a extensión do período de amortización a un horizonte de 10 anos. Tamén se está a buscar un acordo coa Xunta de Galicia que permita a devolución dos anticipos pendentes sen ter que recorrer a aprazamentos moi gravosos polos tipos de xuro elevados.

Nesta ocasión, a estratexia para abordar a débeda da institución, pasa polo seu aplanamento, aliviando o esforzo mediante a redución anual das contías, pero sen períodos de carencia.

Seguindo co panorama a ter en conta para o ano 2019, o acordo marco Goberno-Sindicatos asinado o 8 de marzo de 2018 debuxou un escenario de incremento retributivo para os anos 2018, 2019 e 2020. Esta senda de incremento comezou no ano 2018 cun aumento global do 1,625% e continuará no ano 2019 cun incremento fixo anual

do 2,25% e variable por un 0,25% máis en función do PIB, neste último caso con efectos desde o 1 de xullo.

Este escenario supón un incremento global das retribucións dun 8% no período 2018-2020 e condiciona os recursos dispoñibles da Universidade. Isto débese en boa medida a que este incremento, de obrigado cumprimento ao establecerse na Lei de orzamentos xerais do Estado, non se compensa por parte da Comunidade Autónoma con transferencias por igual cantidade, xerando un déficit que se incrementa en cada anualidade e que suporá da orde de 900.000 euros no exercicio 2019, que a Universidade deberá enxugar con recursos propios.

Por último, é obrigado facer unha referencia ao escenario que produce a aplicación do **Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020**, nun momento no que se achega a negociación do seguinte plan. O actual Plan non está servindo para asegurar os compromisos nel asumidos: *“o Plan Galego de Financiamento Universitario no que se contempla un horizonte temporal amplo, 2016-2020, de suficiencia e estabilidade financeira, que permita ao goberno da comunidade autónoma e as institucións públicas de ensino universitario do noso territorio, desenvolver de xeito ordenado as súas políticas durante o próximo quinquenio, vinculando para iso os recursos económicos necesarios para a súa execución”*.

Os cambios introducidos no mecanismo de reparto do fondo de custo estándar, vinculándoos aos créditos matriculados polo alumnado, omite as singularidades das universidades que compoñen o Sistema Universitario Galego, establecendo o mesmo financiamento para todas aínda cando a perda de alumnado está condicionada tamén pola contorna xeográfica na que se insire cada institución.

Por outra parte, o fondo destinado á reparación e mellora das infraestruturas é constante durante toda a vixencia do plan, penalizando desta forma a mellora das infraestruturas nunha universidade en que o 60% se construíron antes de 1990 e que conta con edificios históricos onde as intervencións están reguladas e supoñen o desenvolvemento de Plans Directores altamente custosos.

Tamén a evolución da masa salarial, comentada nestas liñas xerais, non se reflicte adecuadamente na evolución das masas que conforman o PGFU 2016-2020.

Engadido a estas tres circunstancias, é preciso reivindicar unha cuarta realidade que compromete o futuro da Universidade de Santiago de Compostela. A nosa institución constitúe o motor da investigación en Galicia se temos en conta os seus resultados.

Por dar algunhas cifras representativas, apuntamos as seguintes para o período 2007-2016:

- En relación coa capacidade formativa a USC supuxo o 50% das teses defendidas en Galicia, dun total de 5.213 contabilizadas nas tres institucións galegas.
- En relación coa actividade científica no período de referencia, a USC ten máis do 52% das publicacións realizadas, dun total de 30.443 artigos científicos. No mesmo ámbito e período, a USC acumula máis do 55% das citas realizadas, dun total de 43.312 contabilizadas no SUG.
- Este rendemento ten o seu reflexo tamén nos ingresos captados para a investigación, supoñendo no período de referencia máis do 60% dos recursos, dun total de 551 millóns captados polas tres universidades galegas.
- Por último, en relación cos proxectos do Plan Nacional, a USC obtivo no período mencionado máis do 50%, dun total de 1.400 contabilizados nas tres universidades. Se a referencia a facemos aos proxectos do Programa Marco, a porcentaxe ascende ata o 60%, captando 89 proxectos dun total de 148 xestionados nas tres universidades.

Fonte: Observatorio IUNE

Estas cifras poñen de manifesto que o peso da investigación en Galicia se sitúa na USC, pero non ten unha correlación nos recursos estruturais que recibe, ao non contemplar o plan un financiamento estrutural da investigación. O modelo non ten en conta o custo basal que xera investigar, tanto a nivel de recursos materiais (infraestruturas, subministracións básicas) como humanos (persoal estrutural de apoio).

Como consecuencia disto, unha das misións fundamentais da Universidade vese afectada, provocando un empobrecemento gradual que aumenta segundo aumenta a capacidade investigadora da USC.

Neste punto, cómpre esforzarse para dar a coñecer a investigación que se realiza na USC e a súa importancia, demandando da Comunidade Autónoma a suficiencia de

recursos que debe asegurar que non se interrompe a actividade investigadora, tan importante para o crecemento do país.

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia dispón no seu artigo 115 que o plan de financiamento responderá, entre outros, aos principios de estabilidade financeira, suficiencia, eficiencia e equidade institucional e territorial.

A conclusión é que a aplicación do actual Plan, buscando a equidade institucional entre universidades que non son comparables, provoca unha desigualdade real empobrecendo a docencia, a investigación e o retorno á sociedade que a Universidade de Santiago de Compostela debe ter.

III. Principais magnitudes económicas para o 2019

No escenario actual e no contexto no que se debe desenvolver o orzamento, é obrigada a ollada ao proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2019.

De acordo co proxecto exposto actualmente, os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2019 teñen como obxectivo priorizar as políticas de gasto encamiñadas a potenciar sectores estratéxicos para impulsar o fortalecemento da actividade e o desenvolvemento dun novo modelo de crecemento económico, nun contexto orzamentario que seguirá a caracterizarse pola contención do gasto corrente e a potenciación do investimento produtivo.

Así, os orzamentos da Comunidade recollen 4 eixes prioritarios e 1 eixe instrumental:

Prioritarios:

- Empregabilidade e crecemento intelixente
- Benestar das familias e das persoas e cohesión social
- Crecemento sostible, territorio, mar, agricultura, gandería e montes
- Sociedade dixital, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu contorno

Instrumental:

- Administración moderna, eficiente e de calidade

As universidades que conforman o Sistema Universitario de Galicia atopan o seu encaixe no primeiro eixe prioritario: empregabilidade e crecemento intelixente, no que

se recolle como obxectivo a mellora da competitividade dos galegos e das empresas radicadas en Galicia, a través dunha modernización integral do sistema produtivo baseada na innovación, no coñecemento e na internacionalización.

En relación co Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020, as previsións da Xunta de Galicia para o ano 2019, presentadas ás tres universidades nunha reunión mantida no mes de outubro, son dun investimento de 431,85 millóns, que inclúe os fondos destinados ao financiamento estrutural e os condicionados aos resultados ou rendemento das universidades.

O incremento total con respecto ao ano 2018 (12,67) é dun 3% pero se atendemos ás masas do fondo estrutural, destinadas ao funcionamento xeral das universidades e que non teñen carácter competitivo, o incremento apenas acada o 2% (5,72 millóns).

O aumento das retribucións establecido nas Leis de orzamentos xerais do Estado nos dous últimos anos supuxeron un crecemento das masas salariais que non está sendo acompañado co crecemento do fondo estrutural. En cifras absolutas o incremento do 1,675% sobre as retribucións do Capítulo I das tres universidades que conforman o SUG supuxo un total de 5,5 millóns no 2018. O incremento previsto do 2,675% (2,5% + 0,25% condicionado ao PIB) suporá uns 8 millóns que non se financian co aumento do fondo estrutural.

Polo tanto, o crecemento dun 3,8% do teito de gasto para os orzamentos xerais da Xunta de Galicia no seu conxunto non se traslada ao Plan Galego de Financiamento Universitario, en contra do recollido no texto do plan e en detrimento da estabilidade e viabilidade das universidades que conforman o Sistema Universitario Galego.

A nivel estatal, a incerteza é máis alta, ao non haber unha presentación formal do proxecto de orzamentos. A única referencia polo momento é o acordo entre o goberno actual e Unidos Podemos - En comú Podem - En Marea, no que se establecen algunhas liñas de acción que recollen unha referencia expresa á potenciación do sistema de investigación do país: “7. Ciencia e innovación: las bases de un país competitivo”.

Polo tanto, non podendo ter como referencia os orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2019, outro elemento de referencia para as estimacións orzamentarias, será a actualización do programa de estabilidade do Reino de España 2018-2021, xa que as normas contables e a política económica da Universidade de Santiago de Compostela

debe formular previsi3ns que recollan unha relaci3n de ingresos e gastos adecuada e suficiente, desde a 3ptica da m3xima prudencia.

No escenario macroecon3mico destacan acci3ns como o acordo en materia salarial e de emprego p3blico alcanzado entre o Goberno e os sindicatos para o per3odo 2018-2020, a rebaixa do IRPF nos tramos de renda m3is baixos, as medidas en favor das familias incluídas no IRPF, a subida das pensi3ns m3nimas e a revalorizaci3n en 2019 de todas as pensi3ns. Con esas medidas, prevese un escenario de desaceleraci3n do PIB real de tres d3cimas en 2019 (do 2,7% ao 2,4%) e dunha d3cima en 2020, ata o 2,3%, que se manter3a en 2021.

Como se deduce das cifras expostas, o incremento previsto no Plan Galego de Financiamento Universitario non cobre o incremento do PIB previsto para o 2019 (2,4%). Tendo en conta os condicionantes descritos, o orzamento da Universidade para o exercicio 2019 pretende ser un instrumento para que o equipo de goberno cumpra os compromisos asumidos no programa de goberno do Reitor, e afiance a situaci3n econ3mica actual da universidade.

Entre os obxectivos destacan:

- O refinanciamento da d3beda, de maneira que se xere un espazo de investimento dedicado a optimizar os custos m3is importantes da instituci3n: o persoal e as infraestruturas.
- O investimento estrat3xico que xere aforro ou reduci3n de custos no futuro: esta filosof3a aplicarase especialmente 3s infraestruturas mediante a s3a racionalizaci3n, redefinindo os usos dos espazos e promovendo a reduci3n de custos nos centros.

No que respecta 3s tecnolox3as da informaci3n e das comunicaci3ns, os investimentos orientaranse a mellorar os servizos para o alumnado e o profesorado, simplificando os procedementos e reducindo os recursos necesarios para a prestaci3n destes servizos.

- A normalizaci3n e reduci3n dos incrementos producidos nos Cap3tulo I e VI relativos ao persoal:
 - reducir a conflictividade xudicial
 - revisar os procedementos de contrataci3n no cap3tulo VI

- estabilizar o persoal temporal do capítulo I
- reorganizar os efectivos para prestar novos servizos demandados
- A redución do gasto corrente en 2 millóns de euros nos próximos catro anos.
- O incremento dos ingresos mediante a revisión de canons por unha parte, e das tarifas e prezos de servizos prestados.
- A busca de alianzas coas outras universidades galegas, coas administracións locais e co goberno autonómico para compartir recursos que supoñan un aforro e racionalicen os custos.
- A revisión dos entes instrumentais, tratando de integrar no novo Consorcio aquelas unidades que sexan factibles, e definindo un tamaño mínimo e rendible.

A Programación Plurianual 2019-2021 recollerá as directrices a seguir para a aplicación destas medidas, recollendo no orzamento para o 2019 as cuestións a abordar durante o exercicio económico inmediato.

IV. Resumo xeral dos orzamentos

INGRESOS



Capítulo	2017	2018	2019
III. Prezos públicos e outros ingresos	34.926.820	34.967.870	35.090.000
IV. Transferencias correntes	136.475.185	134.663.401	138.560.610
V. Ingresos patrimoniais	317.000	383.357	487.000
VI. Alleamento de investimentos reais	-	-	1.079.340
VII. Transferencias de capital	48.623.918	56.649.959	63.608.730
IX. Pasivos financeiros	4.767.730	5.900.000,00	5.847.000

Total orzamento de ingresos	225.110.653	232.564.587	244.672.680
------------------------------------	--------------------	--------------------	--------------------

GASTOS

Capítulo	2017	2018	2019
I. Gastos de persoal	144.324.249	144.813.865	151.246.700
II. Gastos correntes	24.464.584	25.759.611	26.709.815
III. Gastos financeiros	787.011	400.000	390.165
IV. Transferencias correntes	1.884.071	1.733.580	1.733.580
V. Fondo de reserva	350.000	50.000	1.500.000
VI. Investimentos reais	47.950.648	55.211.425	60.467.420
VII. Transferencias de capital	200.000	-	-
VIII. Activos financeiros	500.000	-	-
IX. Pasivos financeiros	4.650.090	4.596.106	2.625.000

Total orzamento de gastos	225.110.653	232.564.587	244.672.680
----------------------------------	--------------------	--------------------	--------------------



V. Principais novidades para o exercicio 2019

En relación cos **ingresos**:

- Nos capítulos IV e VII hai un incremento derivado do financiamento do Plan Galego de Financiamento Universitario, cuxa previsión é que aumente preto duns 3,5 millóns de euros con respecto ao ano anterior. Este aumento responde case na súa totalidade á evolución dos fondos de acordo cos incrementos previstos para a masa salarial, polo que non supón un incremento real de financiamento.
- No capítulo VI contéplase un ingreso de 1,07 millóns de euros correspondente ao último pagamento da venda do edificio de Galeras.
- No capítulo V anótase un incremento que ten a súa explicación na reordenación do sistema tarifario da USC, adaptándoo á lexislación vixente, que establece a obrigatoriedade de que as tarifas evolucionen co Índice de Prezos ao Consumo (IPC). Cos orzamentos de 2019 iníciase un traballo de revisión completa do sistema de cálculo de tarifas, aplicando os principios e pautas establecidos na normativa autonómica e estatal, comezando por tarifas do servizo de deportes e de cesión de espazos. Isto suporá un incremento global do 10% dos ingresos anuais.

Na mesma liña de actuación promoverase a sinatura de acordos e convenios con institución públicas e entidades privadas co fin de compartir o uso das nosas instalacións e os seus custos de mantemento.

O importe global das actuacións descritas suporá un incremento de 125.000 euros nos ingresos.

- En relación cos ingresos procedentes da investigación, hai dúas cuestións diferenciadas:
 - Por un lado, a previsión por servizos de I+D contratados estímase que se incremente nun 2%; esta evolución vese favorecida pola posta en valor de novas infraestruturas de I+D que deben redundar nunha maior captación de recursos, e por outro lado responde á execución actual dos ingresos para o exercicio 2018.

- Por outro lado, nas convocatorias competitivas (autonómicas, estatais e europeas) a evolución é máis incerta, dado que vén condicionada pola dinámica dos organismos financiadores. Non obstante, prevese un incremento nos fondos de procedencia europea, así como o mantemento dos niveis de captación competitiva nas principais convocatorias nacionais e autonómicas. Neste aspecto sinálase como novidade a resolución da convocatoria estatal de infraestruturas de 2017 (sen custos indirectos) e tamén a periodificación das axudas autonómicas, que se iniciarán co ano natural en lugar de facelo no momento da resolución. Por outro lado, o financiamento estatal é agora asumido na súa práctica totalidade por parte da Axencia Estatal de Investigación. Cabe sinalar que o financiamento dos proxectos contén tipicamente unha parte de anticipo FEDER (ingreso en capítulo IX de acordo coa normativa) e unha parte de subvención. Dado que a modalidade de financiamento a decide a AEI, as cifras do capítulo IX e do capítulo VII para esta finalidade hai que consideralas dun xeito conxunto. Este feito ten unicamente repercusión contable, e non altera o endebedamento (os anticipos son concedidos e recuperados pola propia AEI).
- Nas transferencias da Comunidade Autónoma, prevese un incremento da partida destinada ao mantemento do hospital veterinario Rof Codina, logo do acordo coa Secretaría Xeral de Universidades, que aumenta a contía ata acadar 300.000 euros.
- No capítulo VII inclúese tamén un ingreso de 1.500.000 euros destinado á realización do proxecto de execución do novo edificio de Ciencias da Saúde.

Novidades máis importantes nos ingresos	Contía
Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020	3.500.000
Venda de edificio de Galeras (último pago)	1.079.000
Revisión canons e tarifas e posta en valor das instalacións	125.000
Ingresos procedentes da investigación	5.800.000
Transferencia para o mantemento do hospital Rof Codina	115.000
Proxecto de execución do novo edificio de Ciencias da Saúde	1.500.000

NOTA: Non se están diferenciando os ingresos afectados dos non afectados

En relación cos **gastos**, as cuestións máis salientables son:

- No capítulo I o aumento do gasto derivase do aumento previsto do 2,5% para as retribucións do persoal. Neste capítulo contémpanse tamén recursos para as seguintes cuestións prioritarias:

- Plan para o **Persoal Docente e Investigador (PDI)**: Os seus obxectivos son renovar os cadros de PDI, de xeito que se garanta o relevo xeracional, se free o seu avellentamento progresivo e se rebaixe a súa idade media. Trátase tamén de reducir os desequilibrios existentes entre áreas de coñecemento, moi descompensadas na actualidade. Ao tempo, preténdese posibilitar a promoción do profesorado acreditado, cumprir os compromisos de estabilización contraídos co persoal temporal e abrir canles para a incorporación de persoal contratado con cargo a programas competitivos para a captación de recursos humanos. O plan esixirá unha dotación no exercicio de arredor de 500.000 euros.
- Plan para o **Persoal de Administración e Servizos (PAS)**: as liñas de acción consistirán en reorganizar a estrutura, estabilizar o persoal temporal segundo as previsións das leis de orzamentos do Estado e promocionar e cualificar ao persoal fixo. Esta actuación levará aparellada unha contía de 150.000 euros.

Dentro da reestruturación prevista, cómpre salientar a reorganización de áreas como a de Xestión Académica, o que permitirá prestar novos servizos á comunidade universitaria e liberar recursos para outras áreas deficitarias en persoal, como nos ámbitos da Secretaría Xeral, xestión económica, apoio da investigación e internacionalización, ámbitos todos eles estratéxicos no marco do previsto na Programación Plurianual.

- Plan para o **persoal contratado con cargo a actividades de I+D+i**: regularización do persoal estrutural creando unha Relación de Postos de Traballo en investigación. Para esta acción destinaranse nos orzamentos do 2019 unha cantidade de 700.000 euros, dos que unha parte se destinará a regularizar os custos do persoal con cargo a actividades de I+D+i que presentan insuficiencia de crédito e a outra parte á regularización mencionada.

- No capítulo II (gastos correntes) prevese un incremento do gasto moi importante na partida de subministracións (600.000 euros), debido ao incremento do prezo da enerxía e á entrada en funcionamento do CEBEGA; e tamén se contempla un maior gasto en limpeza por 250.000 euros.
- No capítulo V rexístrase un dos incrementos máis altos, correspondente ao fondo de imprevistos. En exercicios anteriores non se prevía un fondo específico pero á vista da execución real, é necesario dotar suficientemente este capítulo. Para isto destinarase 1.500.000 euros.
- No capítulo VI, en relación co crédito descentralizado que se reparte aos centros, no exercicio 2019 poñerase en marcha un novo modelo de corresponsabilidade implicándoos na xestión da obra RAM. Con este fin preverase unha partida de 800.000 euros de obra RAM.
- Na mesma liña, seguindo o principio de descentralización progresiva do gasto, incrementarase un 50% a partida destinada a gastos ordinarios dos Departamentos o que supón un incremento de 50.000 euros.
- Tamén no capítulo VI, recóllense recursos destinados ao acondicionamento dos campus. Isto responde a unha demanda xeneralizada e urxente por parte da comunidade universitaria ante o estado dalgunhas infraestruturas, e á que xa se está dando resposta con algunhas accións neste ano 2018. O importe para esta acción ascenderá a 200.000 euros.
- En investigación e innovación, iniciarase durante o ano 2019 un Plan de captación e retención de talento investigador nas cinco grandes áreas de coñecemento aproveitando por unha banda os programas xa existentes de *Ramón y Cajal*, *Marie Curie*, *Miguel Servet*, *Juan de la Cierva* e contratos posdoutorais da Xunta, e por outra contratando finalistas dos programas anteriores e do programa *European Research Council* (ERC).
- En relación coas axudas á investigación e á produción científica, promoveranse os intercambios con outros centros de investigación alleos á nosa Comunidade, os proxectos colaborativos entre grupos de investigación dos nosos Campus de especialización, a publicación en aberto, e a mellora das posicións da USC nos *rankings* internacionais.

- No ámbito da administración, dedicárase unha liña específica dirixida ao alumnado, co obxectivo de mellorar as ferramentas informáticas para que se poida completar a tramitación dos procedementos por medios electrónicos, sen requirir atención presencial. Así mesmo, avanza-se na automatización dos procesos para reducir os recursos administrativos dedicados á súa xestión, cun investimento estimado en 210.500 euros.
- En relación co apoio á docencia e á investigación desde as TIC, potenciárase a autonomía de alumnado e profesorado no uso dos recursos tecnolóxicos necesarios para impartir as clases prácticas. Durante o ano 2019 comezará a prestarse un novo servizo para a creación de laboratorios de prácticas na nube, que poderán deseñarse á medida para cada materia, a demanda do profesorado, e usarse en calquera localización que dispoña de conexión a Internet cun investimento de 40.000 euros.
- En relación coas infraestruturas TIC, introducírase unha nova organización da actividade da área TIC centrada na prestación de servizos ao alumnado, profesorado e PAS, orientada á satisfacción das necesidades percibidas polos usuarios e usuarias. Co fin de reducir os recursos técnicos e humanos necesarios para manter a infraestrutura TIC, aumentárase o uso de recursos na nube e promoverase un novo modelo de adquisición de hardware e servizos para os centros, departamentos e unidades administrativas. Destinaranse para esta liña 131.400 euros.
- No capítulo IX (pasivos financeiros) orzáméntanse os importes das amortizacións dos préstamos bancarios, coa nova periodificación a 10 anos (1,87 millóns), e a devolución dos anticipos reembolsables para infraestruturas. Destácase tamén a extensión a 10 anos do período de devolución dos anticipos autonómicos.

Novidades máis importantes nos gastos	Contía
Plan para o PDI	500.000
Plan para o PAS	150.000
Plan para o persoal contratado con cargo a actividades de I+D	700.000
Fondo para imprevistos	1.500.000
Reparto de crédito aos centros para obra RAM	800.000
Reparto de crédito aos departamentos	150.000
Proxecto de execución do novo edificio de Ciencias da Saúde	1.500.000
Mellora das prestacións telemáticas dirixidas ao alumnado	210.500
Apoio á docencia e á investigación TIC	40.000
Novo modelo de prestación de servizos TIC á comunidade universitaria	131.400

Por último, as bases de execución dos orzamentos para o 2019 recollerán cambios e melloras, entre outros, nos seguintes aspectos:

- Simplificación do procedemento de autorización de gasto suprimindo trámites irrelevantes
- Simplificación no procedemento de transferencias de crédito
- Desenvolvemento de formularios electrónicos para a autorización de gastos: folia de pedimento, axudas de custo e locomoción, retribucións por cursos e conferencias e similares
- Habilitación ao profesorado emérito para que sexan directores de centros de gasto naquelas actividades con financiamento captado por eles